



CONCELLO DE NARÓN

FIR\$INT_AYT

Concello de Narón
166 / 2026 24/02/2026
Concellaria de Facenda e Novas Tecnoloxías

Datos do Expediente:

ORZAMENTO DE TESOUSERÍA		
Unidade Tramitadora:		
Xestion de Tesoureria Pagamentos e Cobros - MRN		
Número expediente:	Documento:	
 TES/2026/64	 TES1AI00GA	
3L1G 4T4S 5B3J 4O3K 01XI 		

RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO DELEGADO DE FACENDA E NOVAS TECNOLOXIAS

Logo de ver o informe proposta da Tesourería municipal (TES1AI00G3) que transcrito literalmente di:” **INFORME PROPOSTA DA TESOUSERÍA MUNICIPAL**

ASUNTO.- ORZAMENTO DE TESOUSERÍA DO EXERCIZO 2026

1.-INTRODUCCIÓN

O orzamento de tesourería é un instrumento de planificación da tesourería na que se expresan as previsións de execución do orzamento económico de gastos e ingresos en termos de fluxo de efectivo de caixa, así como as necesidades ou excedentes de financiación. E un documento de carácter obrigatorio que debe elaborarse todos os anos unha vez aprobado o orzamento. Tendo en conta que ao día da data todavía non foi aprobado o orzamento do exercizo, é polo que procédese á súa elaboración tendo en conta os datos do orzamento prorrogado, sen perxuízo das súas necesarias actualizacións unha vez aprobado o orzamento deste periodo, no seu caso.

Este documento serve para xestionar os fondos municipais de maneira que permita satisfacer puntualmente as obrigas de pago, que garante o prazo máximo que fixa a normativa sobre morosidade e, con especial atención, a previsión de pagos dos xuros de intereses e capital da débeda pública (DA 4ª LOEPSF).

O artigo 106 da Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Presupostaria (de aplicación ás entidades locais pola remisión contida no artigo 194.3 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais) introduce no noso ordenamento a figura do presuposto monetario anual.

A Disposición Adicional 4ª da LO 2/2012 de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostenibilidade Financeira establece que : *“Las Administraciones Públicas deberán disponer de Planes de Tesorería que pongan de manifiesto su capacidad para atender el pago de los vencimientos de deudas financieras, con especial de los pagos de intereses y el capital de la deuda pública.”*

O artigo 13.6 da citada Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade presupostaria e sostenibilidade financeira determina que: *“ Las Administraciones Públicas deberá publicar su periodo medio de pago y disponer de un plan de tesorería que incluirá, al menos , la información relativa a la previsión de pago a proveedores de forma que se garantice el cumplimiento del plazo máximo que fija la normativa sobre morosidad. Las Administraciones Públicas velarán por la adecuación de su ritmo de asunción de compromisos de gasto a la ejecución del Plan de Tesorería”.*

O artigo 5 do RD 128/2018, de 16 de marzo, sobre réxime xurídico dos funcionarios con habilitación de carácter nacional das Corporacións Locais, atribúe á Tesourería *“ la formación de los planes, calendarios y presupuestos de tesorería, distribuyendo en el tiempo las disponibilidades dinerarias de la Entidad para la puntual satisfacción de sus obligaciones, atendiendo a las prioridades legalmente establecidas, conforme a las directrices marcadas por la Corporación, que incluirán información relativa a la previsión de pagos a proveedores de forma que se garantice el cumplimiento del plazo máximo que fija la normativa de morosidad.”*

A Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenrolan as obrigas de suministro de información previstas na Lei 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostenibilidade financeira, establece a obriga de facer plans de tesourería e de remitir trimestralmente o plan ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas. Dita remisión realízase a través da Oficina Virtual de Coordinación coas Entidades Locais (OVEL) e o envío e captura da información efectúase a través de modelos normalizados pola intervención municipal.

2.-METODOLOXIA

O documento realiza unha previsión de cuantificación dos fluxos de entrada e saída de fondos con carácter mensual, dende xaneiro a decembro de 2026, tomando como punto de partida o saldo existente a 1 de xaneiro.

A súa elaboración parte dos datos históricos dos que se dispoñen neste servizo en canto aos fluxos de entradas e saídas que se veñen producindo neste Concello, e presupón a existencia de crédito orzamentario para atender os pagos no exercizo 2026 e as obrigas de orzamentos pechados para os pagos de dita natureza.

Elaborouse un documento, que se incorpora como Anexo I, comprensivo de todos os ingresos que se pretenden recadar e todos os pagos que se prevé realizar para atender en tempo os compromisos adquiridos dos que ten coñecemento este servizo referidos tanto ao exercizo corrente como pechados.O saldo inicial é o que figura no orzamento de tesourería a 31.12.2025 de 17.702.256,47 €. Dito documento arroxa un saldo final de

tesourería de 15.192.824,43 €, non obstante este dito saldo final “inicial” debe ser considerado cunha excesiva prudencia tendo en conta o que logo se dirá no apartado de conclusión.

3.-PREVISIÓNS DE INGRESOS: RECADACIÓN ESTIMADA, ANO 2026

a) Ingresos tributarios e prezos públicos

Actualmente o Concello de Narón ten delegada na Deputación Provincial de A Coruña:

- A xestión, e recadación voluntaria e executiva do IBI, IAE, IVTM e IIVTNU.
- A recadación voluntaria e executiva das sancións por infracción da Lei de Tráfico, circulación e vehículos a motor e taxa por entrada e saída de vehículos a través da vía pública.
- A recadación en período executivo de tributos, prezos públicos ou calquera outro ingreso de dereito público de carácter non periódico ou de periodicidade inferior ao ano

Polo tanto, a estimación da recadación dos ingresos que foron obxecto de delegación (xa se trate da recadación voluntaria/executiva) realizouse en base á información contida na previsión da liquidación definitiva da recadación do 2025 (todavía non comunicada e ingresada), o importe das entregas a conta dos conceptos entregables (en previsión da súa realización mensual conforme ao réxime aprobado e segundo as comunicacións realizadas polo ente provincial) e as estimacións das liquidacións provisionais trimestrais dos conceptos non entregables e entregables (recadación executiva/voluntaria). Para dito cálculo, tomouse como referencia a información xa suministrada así como a do exercicio precedente, seguindo unha línea tendencial, coa excepción do IIVTNU onde non se dispón de información histórica ao terse materializado a delegación no último cuatrimestre do 2024, polo que se realizou unha estimación prudente respecto dos datos que arroxa a última recadación do 2025 polo que o referido dato podería ser corrixido ao longo do exercizo de existir variacións sobre os importes inicialmente considerados.

No que se refire á taxa por recollida de residuos sólidos urbanos, considerando o contido do contrato de servizos formalizado coa empresa COSMA, SA, estimouse unha recadación líquida total de 3.097.857,02 € tomando, a estos efectos, o importe previsto da recadación en período voluntario (segundo as porcentaxes de recadación cun promedio do 94% no pasado exercizo), os ingresos do período executivo realizados pola Deputación Provincial e o previsible incremento da recadación considerando os procedementos de comprobación e inspección que se están levando a cabo que están a supoñer o afloramento de novos feitos impositivos.

E por último, as previsións de recadación líquida dos restantes conceptos (de exercizo corrente e pechados, descontando os ingresos en formalización e as devolucións de ingreso) realizouse aplicando un principio de prudencia, tomando como referencia os datos segundo o ingresos líquidos xa materializados así como a información da recadación do exercicio precedente segundo o aplicativo de recadación, ou no seu caso seguindo unha línea tendencial. Información volcada segundo os períodos de cobro dos padróns de impostos e taxas fixados no calendario fiscal para o exercizo.

b) Participación en tributos do Estado e Fondo de Cooperación Local

Os ingresos pola Participación nos Tributos do Estado (coas minoracións polas devolucións das liquidacións negativas dos exercizos 2008, 2009), sitúanse en 11.944.811,53 € segundo o previsto no RD 2/2026, de 3 de febreiro, polo que se adoptan medidas urxentes para facer fronte a situación de vulnerabilidd social, en materia tributaria e relativas aos recursos dos sistemas de financiación territorial.

Os ingresos do fondo de Cooperación Local, cuantifícase en 1.163.905,44 € para o ano 2026, considerando os importes das entregas a conta mensuais.

c) Outras transferencias correntes e de capital

Os cobros polos conceptos de outras transferencias correntes e de capital (capítulos IV e VII, respectivamente), procedentes, fundamentalmente, de transferencias da Xunta de Galicia e Deputación Provincial de A Coruña, realízase en un escenario de prudencia, cuantificándose en 3.117.046,49 € as transferencias correntes e en 2.006.623,60 € as de capital.

En particular, e polo que respecta aos ingresos procedentes das subvencións dos fondos NEXT Generation, a cuantificación dos mesmos, realízase tamén baixo un criterio de prudencia, considerando o informado polo Xeda da Sección de Programas Europeos, e sen perxuro dos posteriores axustes que resulten necesarios neste periodo en función da información de que se dispoña e que afecten aos fluxos de entrada proxectados no documento. Neste senso, únicamente se integra neste documento as subvencións dos proxectos 37,38 e 39 (laboratorio de enerxía, interoerabilidade total e Narón inteligente9.

d) Ingresos patrimoniais capítulo V

Estimáronse ingresos por este concepto (xuros, cánones concesionais, etc) por importe de 68.846,65 €, tendo en conta a estos efectos os contratos concesionais formalizados polo Concello así como a actual rentabilización dos saldos bancarios remunerados polas entidades financeiras segundo a información comunicada polas mesmas.

e) Ingresos capítulos VIII e IX

Cuantificáronse os cobros do capítulo VIII (reintegros de adiantos ao personal municipal) en 6000 € anuais.

Polo que respecta ao capítulo IX, prevese o ingreso no mes de decembro do 100% do préstamo concertado no exercizo 2025 con Abanca unha vez rematado o periodo de carencia segundo o estipulado no contrato formalizado. En todo caso, de ser necesario por variar a situación financeira do Concello, a disposición das cantidades durante o periodo de carencia podería estar suxeita a variación.

f) Ingresos non orzamentarios

Por último, indicar que tamén se incluíron aqueles ingresos que teñen un reflexo non orzamentario (fianzas,...) que aínda que teñen sempre a súa contrapartida en pagos estas non son exactamente coincidentes nas datas polo que inciden nas diferencias que se van producindo nos diferentes meses.

4.-PREVISIÓNS DE GASTOS (PAGOS), EXERCIZO 2026.

a) Gastos de personal.

As estimacións dos pagos do capítulo I para o exercizo 2026 realizáronse na línea dos pagos líquidos realizados no 2025 considerando os incrementos retributivos aprobados, cuantificándose en 10.849.700,00 €. Inclúense, os gastos salariais do personal, cota patronal da Seguridade Social, seguros do personal e gastos de acción social do personal municipal.

b) Gastos en bens correntes e servizos, capítulo II.

As previsións dos pagos realizouse tendo en conta a seguinte información:

En canto á débeda comercial a 31/12/2025, tomouse como referencia o saldo das facturas incluídas na conta 413 a 31/12/2025 (999.011,89 €) estimándose que o recoñecemento (extraxudicial ou non das ditas facturas) e o pago se realice nos meses de abril e xuño.

Igualmente, tívose en conta o importe das facturas contabilizadas e pendentes de pago a 31/12/2025 segundo a información suministrada pola contabilidade, que importan uns 473.500 €, aproximadamente, e cuxo pago foi realizado no mes de xaneiro.

Segundo a información arroxada pola contabilidade no exercizo anterior, o grado de execución dos pagos sobre as obrigas recoñecidas foi do 97% (descontado o importe das obrigas financiadas con RLTX, segundo os cálculos da intervención municipal na liquidación do orzamento). Considerando, asemade, que o grado de execución das obrigas se manteña en porcentaxes similares ao do precedente (86%), estímase a realización de pagos do exercizo corrente no capítulo 2 de 18.450.226,48 € no 2026.

Resultanto un total de pagos de corrente e pechados de 19.915.577,00 €.

c) Capítulo III e IX, carga financeira (gastos financeiros por xuros mais amortización de capital).

No ano 2026 non se prevé a realización de pago en concepto de xuros (no periodo de carencia) e amortización de débeda, todo elo tendo en conta os cadros de amortización das operacións crediticias vivas na actualidade. En todo caso, a estimación realizada neste momento obedece a



CONCELLO DE NARÓN

FIR\$INT_AYT

unha previsión da non disposición de capital do préstamo concertado con ABanca durante o período de carencia, polo que de variar dita circunstancia – tal e como se advertiu nos parágrafos anteriores- efectuarse o correspondente axuste no capítulo dos xuros.

O gasto do capítulo III tómanse en consideración os custos que se están a repercutir as entidades financeiras actualmente segundo as condicións comunicadas así como os que resulten do acordo marco para a selección de entidades colaboradoras na recadación e o servizo de cobros e pagos en contas operativas segundo o contrato que foi formalizado con Abanca cuxas prestacións remataron o 31/03/2025 pero que, tal e como foi informado por quen suscribe, as ditas prestacións continúan realizándose na actualidade ante as vicisitudes xurridas na nova licitación. Prevese a formalización dun novo contrato neste exercizo para dar continuidade aos servizos de pago dos tributos con tarxeta polo que se realizou unha estimación do gasto previsto neste exercizo.

d) Transferencias correntes.

As previsións de pagos do capítulo IV (Transferencias correntes) pola transferencia ao Padroado de Cultura se estima en 2.015.570 € para o exercizo 2026 considerando os mesmos importes que os do exercizo 2025..

Os pagos de exercizos pechados cuantifícanse en 482.766,22 € neste exercizo, dos cales 475.766,22 € xa foron materializados no mes de xaneiro.

En canto aos restantes pagos deste capítulo, tívose en conta os datos arroxados pola contabilidade municipal en canto aos fluxos de pagos dos conceptos 45,46,47 e 48. Cuantifícanse os pagos do exercizo corrente por estes conceptos en 2.940.496,12 €. Non obstante, as importantes fluctuacións que o gasto deste capítulo sufriu nos últimos exercizos fai necesario que o dato sexa tomado cun criterio de prudencia o que poderá derivar na realización de axustes ao longo do exercizo.

e) Investimentos reais

En canto a previsión de pagos do capítulo de investimentos reais, e considerando a data de elaboración deste documento, tense en conta unicamente a información dos pagos de exercizos pechados e a previsión da execución dos investimentos incluídos nas modificación de crédito aprobadas ata o día da data, considerando que na data actual non existe un proxecto de orzamentos aprobado:

Pagos de exercicios pechados.....	37.564,28 €
Pagos de exercicio corrente.....	3.293.876,63 €
TOTAL PAGOS.....	3.331.440,91 €

En todo caso os datos trasladados a este orzamento inicial deben considerarse nuns termos de máxima prudencia, xa que o gasto deste capítulo previsiblemente será obxecto dos correspondentes actualizacións e axustes no caso de que durante o que resta de exercizo se vaian aprobando



CONCELLO DE NARÓN

FIR\$INT_AYT

sucesivas modificacións orzamentarias (cuestión bastante probable tendo en conta o gasto comprometido a 31.12.2025 e pendente de executar) o que, consecuentemente, incidirá no fluxo de pagos da tesourería e, en consecuencia, como se advertiu, no saldo final a 31 de decembro.

f)Transferencias de capital

Non se prevé a realización de pagos por este capítulo.

g)Activos financeiros

Estímase a realización de pagos por este concepto (anticipos de nómina ao personal) en 11.300 €.

5.-OPERACIÓNS NON ORZAMENTARIAS

As cantidades contempladas por operacións non orzamentarias, tanto de cobros como de pagos son os seguintes:

a)Cobros non orzamentarios. Inclúense:

- Importes por IVE repercutido
- Fianzas en metálico depositadas
- Ingresos procedentes da recadación executiva das PPPNT de saneamento e depuración que realiza a Deputación Provincial.

b)Pagos non orzamentarios: Inclúense

- Pago a AEAT polas retencións mensuais, trimestrais por IRPF de rendas do traballo, rendementos profesionais e arrendamentos urbanos
- Pago a Seguridade Social das cotas mensuais dos empregados por seguros sociais
- Pago á facenda pública por IVE repercutido
- Pago a COSMA polos ingresos procedentes da recadación executiva das taxas de saneamento e depuración que realiza a Deputación Provincial (inclúese o pago realizado no mes de xaneiro correspondente ao traspaso da recadación do exercizo 2024)
- Devolución de fianzas en metálico

A cuantificación das previsións de ingresos/pagos para o 2026 son as seguintes:

Cobros non presupostarios.....265.000,00 €

Pagos non presupostarios.....2.767.523 €

6.-SITUACIÓN DA TESOURERÍA

-Previsión dun mínimo de tesourería mensual. O plan de tesourería contempla a necesidade de dispoñer dun mínimo de tesourería mensual que garantice o pago mensual dos vencementos de débedas financeiras con especial previsión dos pagos de xuros e capital da débeda pública, o pago mensual dos gastos de personal, irpf e cotas da seguridade social.

-As operacións de Tesourería previstas no actual Plan de Tesourería (financiamento a curto prazo) serán as seguintes:

A concertación das operacións previstas a data deste informe para o exercicio 2026, ascende a 0 €.

7.-CONCLUSIÓNS

Dun primeiro análise da situación a 1 de xaneiro, destacamos que este ano se vai a poder contar cos fondos líquidos de Tesourería suficientes para realizar todos os pagos previstos e, polo tanto, non será preciso acudir a unha operación de TEsourería.

En todo caso, o plan elaborado parte duns datos que, en especial para o gasto de capital, deben considerarse cun criterio de máxima prudencia e elo na medida en que, tanto a eventual aprobación do orzamento do exercizo como de modificacións de crédito suporá un importante axuste á baixa dos fondos líquidos municipais. Circunstancia esta á que debe sumarse ao xa reiterado por esta funcionaria, na medida en que, dunha banda, a non percepción da totalidade dos fondos do NEXT Generation provocou e sigue unha provocando unha importantísima descapitalización da tesourería. En todo caso, haberá que esperar á resolución definitiva para determinar o impacto económico que o gasto financiado poida ter na tesourería municipal. Por outra parte, o emprego do RLTX – de modo reiterado nos diferentes exercizos - para financiar gasto- nunha boa parte, gasto corrente - determinou tamén a conseguinte descapitalización.

Por todo elo, a aparente suficiencia de fondos para atender todos os pagos previstos do exercizo 2026 que arroxa inicialmente este plan debe considerarse cunha máxima prudencia pois as variables expresadas no parágrafo anterior, xunto cun ritmo baixo na liquidación dos ingresos do exercizo, a posible execución da sentenza recaída do contencioso co Concello de Ferrol relativa aos gastos da depuración poderían implicar que a suficiencia inicial da tesourería podería revertirse ao longo do exercizo.

En correlación co manifestado, e tendo en conta a necesidade de equilibrar o Plan financeiro, e de xerar os aforros que permitan afrontar os pagos de corrente e pechados, propóñense as seguintes medidas, xa reiteradas no plan do exercizo 2025:

- Medidas de modulación do ritmo de gasto e redución do mesmo. O artigo 13 da LOEPSF sinala que as administracións públicas velarán pola adecuación do seu ritmo de asunción de compromisos de gasto á execución do plan de tesourería. Neste sentido, e para evitar o incremento da ratio do PMP pola parte do incremento da bolsa das operacións pendentes e pago, propónse a posposición de decisións de gasto que teñan carácter voluntario e non esencial.



CONCELLO DE NARÓN

FIR\$INT_AYT

- Medidas de incremento de ingresos. Considerando a falta de actualización das taxas, prezos públicos e PPPNT dende fai anos, e en especial ás PPPNT de suministro de auga e saneamento, que xera un gasto por subvención para a cobertura do déficit da concesionaria o que sería prescindible, a propia incertidume creada do propio IIVTNU, e a Lei 7/2022 que obriga a configurar unha nova taxa de RSU non deficitaria para o 01.01.2025, resultaría necesario adoptar as medidas oportunas neste ámbito. Asemade, o novo escenario de elevada inflación que continúa na actualidade vai facer que as necesidades da tesourería se incrementen para facer fronte ás obrigas dos provedores que repercutirán a subida de prezos, o que incrementará a todavía mais a diferenza entre os ingresos e gastos do exercizo.

No anexo I detállase o plan de tesourería coas previsións e evolución de cobros e pagos orzamentarios mensuais para cada un dos capítulos así como a previsión de cobros e pagos non orzamentarios.

Por todo o anterior, preséntase o presente orzamento de tesourería do exercizo 2026 para a súa aprobación polo Concelleiro delegado de Facenda.



CONCELLO DE NARÓN

FIR\$INT_AYT

ANEXO 1

PLAN DE TESORERÍA: PREVISIONES INICIALES PRESUPUESTO CORRIENTE + CERRADO AÑO

2026

		MES												
CONCEPTO PRESUPUESTARIO	COBROS:corriente y cerrados	ENERO	FEBRERO	MARZO	ABRIL	MAYO	JUNIO	JULIO	AGOSTO	SEPTIEMBRE	OCTUBRE	NOVIEMBRE	DICIEMBRE	TOTAL
SALDO EN CUENTAS CORRIENTES A 1 de Enero de 2026		17702256,47												
DISPOSICION OPERACIONES DE TESORERIA:		0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
IMPORTES DISPUESTOS		0,00 €		0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
CAPITULO 1	IMPUESTOS DIRECTOS	961.662,00	1.112.950,76 €	1.435.147,21	961.662,00 €	961.662,00	1.440.662,00	961.662,00	1.563.751,00	806.751,00	1.200.091,63	1.231.910,71	914.117,58	13.552.029,89
CAPITULO 2	IMPUESTOS INDIRECTOS	42.400,00	42.400,00	42.550,00	42.400,00	42.400,00	55.900,00	42.400,00	42.400,00	42.400,00	44.800,00	42.900,00	42.400,00	525.350,00
CAPITULO 3	TASAS, PRECIOS PUBLICOS Y OTROS INGRESOS	829.927,02	118.528,68	588.356,46	828.570,00	118.528,68	439.470,00	921.528,68	57.670,00	228.570,00	1.101.030,00	291.196,68	260.470,00	5.783.846,20
CAPITULO 4	TRANSFERENCIAS CORRIENTES	1.436.412,82	1.432.482,69	1.230.641,09	1.420.535,44	1.156.595,28	1.188.148,74	2.333.277,42	1.175.373,84	1.066.163,64	1.440.106,92	1.283.405,17	1.088.466,10	16.251.609,15
CAPITULO 5	INGRESOS PATRIMONIALES	7.000,00	0,00	23.000,00	7.000,00	0,00	9.169,33	8.169,33	1.169,33	1.169,33	10.169,33	0,00	2.000,00	68.846,65
CAPITULO 6	ENAJENACION DE INVERSIONES REALES	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
CAPITULO 7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	115.000,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	61.200,19	0,00 €	0,00 €	1.830.423,41	2.006.623,60
CAPITULO 8	ACTIVOS FINANCIEROS	500,00 €	500,00 €	500,00 €	500,00 €	500,00 €	500,00 €	500,00 €	500,00 €	500,00 €	500,00 €	500,00 €	500,00 €	6.000,00 €
CAPITULO 9	PASIVOS FINANCIEROS	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	1.339.836,82	1.339.836,82
COBROS NO PRESUPUESTARIOS		0,00 €	0,00 €	50.000,00 €	0,00 €	0,00 €	65.000,00 €	0,00 €	0,00 €	105.000,00 €	0,00 €	40.000,00 €	5.000,00 €	265.000,00 €
ROS MES (- SALDO INICIAL)		3.277.901,84	2.706.862,13	3.370.194,76	3.260.667,44	2.394.685,96	3.198.850,07	4.267.537,43	2.840.864,17	2.311.754,16	3.796.697,88	2.889.912,56	5.483.213,91	39.799.142,31

		MES												TOTAL
CONCEPTO PRESUPUESTARIO	PAGOS: corriente y cerrados	ENERO	FEBRERO	MARZO	ABRIL	MAYO	JUNIO	JULIO	AGOSTO	SEPTIEMBRE	OCTUBRE	NOVIEMBRE	DICIEMBRE	
	AMORTIZACIÓN OPERACIONES DE TESORERÍA	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
	IMPORTES AMORTIZADOS	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
CAPITULO 1	GASTOS DE PERSONAL	811.700,00 €	813.000,00 €	800.000,00 €	775.000,00 €	775.000,00 €	1.360.000,00 €	775.000,00 €	832.000,00 €	775.000,00 €	813.000,00 €	960.000,00 €	1.360.000,00 €	10.849.700,00 €
CAPITULO 2	GASTOS CORRIENTES EN BIENES Y SERVICIOS	0,00 €	716.364,00 €	1.820.021,40 €	2.069.771,40 €	1.820.021,40 €	2.569.271,40 €	1.820.021,40 €	1.820.021,40 €	1.820.021,40 €	1.820.021,40 €	1.820.021,40 €	1.820.021,40 €	19.915.577,96 €
CAPITULO 3	GASTOS FINANCIEROS	0,00 €	0,00 €	300,00 €	0,00 €	0,00 €	300,00 €	0,00 €	0,00 €	300,00 €	0,00 €	0,00 €	300,00 €	1.200,00 €
CAPITULO 4	TRANSFERENCIAS CORRIENTES	679.608,22 €	208.973,72 €	201.557,00 €	229.593,00 €	201.557,00 €	222.593,00 €	243.557,00 €	201.557,00 €	1.472.593,00 €	208.557,00 €	236.300,00 €	1.325.386,40 €	5.431.832,34 €
CAPITULO 5	FONDO DE CONTINGENCIA	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
CAPITULO 6	INVERSIONES REALES	37.564,28 €	0,00 €	0,00 €	14.865,31 €	0,00 €	1.336.093,49 €	0,00 €	0,00 €	905.179,50 €	0,00 €	836.558,07 €	201.180,26 €	3.331.440,91 €
CAPITULO 7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
CAPITULO 8	ACTIVOS FINANCIEROS	0,00 €	0,00 €	1.130,00 €	1.130,00 €	1.130,00 €	1.130,00 €	1.130,00 €	1.130,00 €	1.130,00 €	1.130,00 €	1.130,00 €	1.130,00 €	11.300,00 €
CAPITULO 9	PASIVOS FINANCIEROS	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
PAGOS NO PRESUPUESTARIOS		532.023,15 €	140.000,00 €	142.500,00 €	147.000,00 €	140.000,00 €	422.500,00 €	311.500,00 €	140.000,00 €	142.500,00 €	153.000,00 €	140.000,00 €	356.500,00 €	2.767.523,15 €
TOTAL PAGOS MES		2.060.895,65 €	1.878.337,72 €	2.965.508,40 €	3.237.359,71 €	2.937.708,40 €	5.911.887,89 €	3.151.208,40 €	2.994.708,40 €	5.116.723,90 €	2.995.708,40 €	3.994.009,47 €	5.064.518,05 €	42.308.574,35 €

»

Esta concellería delegada, en uso das facultades atribuídas pola lexislación vixente, resolve:
1º.- Aprobar a proposta transcrita nos seus propios termos.



CONCELLO DE NARÓN

FIR\$INT_AYT

**Ante min.
(Dou fe da identidade do asinante)**



DE PRADO FERNANDEZ
CANTELI, ALFONSO
O Secretario Xeral
24/02/2026 09:55



ROMAN ROMERO FRANCO
O Concelleiro Delegado de
Facenda e Novas Tecnoloxías

24-02-2026 09:00:20